



ANUNCIO

O alcalde por resolución, ditada o día 19 de maio de 2026, resolveu o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Tendo en conta que por resolución da alcaldía nº 438/2026 do 7 de maio de 2026, foron aprobadas as bases reguladoras para a selección do persoal directivo, docente e administrativo, así como dos alumnos traballadores do Obradoiro dual de Emprego “ARTABROEMPRENDE V”.

Logo de ver canto antecede, esta Alcaldía e en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, resolve:

Primeiro.- Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a selección do persoal directivo e docente, o cal e o seguinte:

- Presidente: Dona María Pilar Souto Pan
- Secretaria: Dona Paula Herráez Blanco
- Primeira Vogal: Dona Ángeles Pantín Morado
- Segunda Vogal: Dona Sonia Alonso Figueroa
- Terceira Vogal: Dona Elisa Baamonde Reigosa

Segundo.- O Tribunal Cualificador a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría primeira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, quedando fixado en 5 o número de máximo de sesións a devengar (35 asistencias), sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

Terceiro.- Convocar o tribunal para o día 20 de maio de 2026, ás 10:00 horas, no salón de plenos do Concello de Miño para a súa constitución e para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución ao primeiro pleno ordinario que se celebre.”

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Miño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

EXP.: 2026/E001/000007

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

CVD: YmyAORErTWnJf3hS2Los Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.concellodemino.gal/>

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal/> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público